

Concello de Covelo

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: OFERTA E SELECCIÓN DE 16 PRAZAS, Ó ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2021 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Este Concello solicitou subvención para a contratación, en réxime temporal, e de conformidade co **PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2021 A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA**, (regulado polas Bases publicadas no BOP nº 1 de data 4 de xaneiro de 2021), Liña 3, **de 16 TRABALLADORES DESEMPREGADOS, PARA LEVAR A CABO DIVERSAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS.**

Vista a Base Oitava , Liña 3, do referido Plan, segundo a cal:

“As traballadoras e traballadores que se contraten para realizar as obras ou prestar os servizos polos que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.

Os concellos beneficiarios da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación da correspondente oferta na oficina pública de emprego, cos modelos normalizados para os efectos, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas que sexan contratadas para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, coa obriga de presentar unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación. Para a xestión das ofertas establécese como ámbito de busca de emprego o municipio do concello solicitante.

O Concello beneficiario será quen realice a selección definitiva das persoas candidatas, en conformidade coa normativa aplicable, na forma prevista e segundo os criterios sinalados a continuación, tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución na que se conceda a subvención. Sen prexuízo das obrigas legais que poidan existir, para a selección daráselles preferencia por esta orde ás persoas dos seguintes grupos:

- Vítimas de violencia de xénero
- Persoas candidatas maiores de 45 anos e aquelas que acrediten unha discapacidade superior ao 33 %
- Persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillas ou fillos ao seu cargo
- Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa
- Persoas candidatas con cargas familiares”

Visto que a Deputación Provincial de Pontevedra, en sesión da Xunta de Goberno Local de data 5 de febreiro de 2021, aprobou entre outros, a subvención de 16 traballadores ó Concello de Covelo, ó abeiro das citadas bases, para a realización dos servizos mais adiante referidos.

Visto que na concesión por parte da Deputación Provincial de Pontevedra, establece que as mencionadas axudas ou subvencións irán destinadas a financiar a contratación laboral a tempo parcial en xornada de 30 horas semanais (que comprende o custo salarial e a cotización á Seguridade Social), de traballadores desempregados (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, excepto o posto de Conductor de Camión que serán de 35 horas semanais, segundo a seguinte táboa:

Concello de Covelo

Concello de Covelo

1. SERVIZO DE MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS MUNICIPAIS

- Xornada: TEMPO PARCIAL: 30 horas semanais/traballador
 - o 3 peóns forestais, código de ocupación: 95431028
 - o 2 peóns albanelería, código de ocupación: 71211015
 - o 3 peóns de limpeza, código de ocupación: 92101050
 - o 1 carpinteiro, código de ocupación: 71311049
- Duración:
 - o Peóns forestais: 6 MESES **do 3 de maio ó 2 de novembro de 2021)**
 - o 2 peóns albanelería, 3 peóns de limpeza e 1 carpinteiro: 6 MESES **(do 5 de abril ó 4 de outubro de 2021)**

2. SERVIZO DE MANTEMENTO DE SERVIZOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

- Xornada: TEMPO PARCIAL: 30 horas semanais/traballador
 - o 2 peóns de limpeza, código de ocupación: 92101050
 - o 1 socorrista piscina, código de ocupación: 59921017
- Duración: 3 MESES **(do 15 de xuño ó 14 de setembro de 2021)**

3. SERVIZO DE MANTEMENTO DE SERVIZOS PÚBLICOS

- Xornada: TEMPO PARCIAL:
30 horas semanais/traballador
 - o 2 varredores, código de ocupación: 94431016
 - o 1 fontaneiro, código de ocupación: 72211012
- 35 horas semanais/traballador
 - o 1 condutor de camión (CAP), código de ocupación: 84321042
- Duración:
 - o varredores e condutor camión: 10 MESES **(do 1 de marzo ó 31 de decembro de 2021).**
 - o fontaneiro: 4 MESES **(do 1 de xuño ó 30 de setembro de 2021)**

➤ RETRIBUCIÓNS SALARIAIS POR EMPREGADO, 30 HORAS SEMANAIS/TRABALLADOR:

1. Salario Bruto incluídos tódolos conceptos, tanto salariais como extrasalariais: **916,23 €/mes**
2. Seguridade Social-Cota patronal: **335,16 €/ mes**
3. Total custe salarial/traballador: **1.251,39 €/mes**

➤ RETRIBUCIÓNS SALARIAIS PARA CONDUTORES DE CAMIÓN (CAP), 35 HORAS SEMANAIS/TRABALLADOR:

1. Salario Bruto incluídos tódolos conceptos, tanto salariais como extrasalariais: **1.068,93 €/mes**
2. Seguridade Social-Cota patronal: **391,02 €/ mes**

Concello de Covelo



Concello de Covelo

3. Total custe salarial/traballador: **1.459,95 €/mes**

➤ **RETRIBUCIÓN SALARIAIS PARA SOCORRISTA (PISCINA MUNICIPAL), 30 HORAS SEMANAIS/TRABALLADOR:**

1. Salario Bruto incluídos tódolos conceptos, tanto salariais como extrasalariais: **1.314,72 €/mes**
2. Seguridade Social-Cota patronal: **417,40 €/mes**
3. Total custe salarial/traballador: **1.732,12 €/mes**

Visto que no referente ás retribucións e cotizacións á Seguridade Social, atenderase ó establecido nas bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións para a execución do referido Plan, dado que neste concello non conta con convenio propio, aplicarase o establecido no salario mínimo interprofesional en vigor.

O Servizo Galego de Colocación remitirá a correspondente relación de candidatos, tendo en conta as condicións requiridas, recaendo no Concello a competencia para efectúa-la selección entre estes.

O obxecto da presente Resolución é proceder a ofertar as prazas mencionadas, e establece-los criterios para a súa selección. As prazas ofertadas, teñen as características antes indicadas.

-O carácter temporal destas prazas, unido á necesidade de que a selección se faga dentro dos prazos sinalados pola Deputación Provincial fai que se aproben os seguintes criterios para a selección do persoal, que en todo caso garanten suficientemente os principios de igualdade, mérito e capacidade, de obrigado cumprimento.

-Así, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85, e vista a Fiscalización da Intervención, DISPOÑO:

1º. Aproba-la correspondente oferta de emprego das prazas antes mencionadas, e tendo en conta que só poderán optar a elas os candidatos que, reunindo as condicións requiridas, previamente remita ó Concello o Servizo Galego de Colocación. Esta oferta de emprego será remitida tamén o Servizo Galego de Colocación en modelo normalizado da Consellería de Traballo.

2º. Aproba-los seguintes criterios e procedemento ós que se axustará a selección dos postos de traballo mencionados, sendo imprescindible te-la categoría referente a cada posto, e tendo en conta a posibilidade de aumenta-la puntuación segundo o baremo exposto a continuación:

BASES

BASE PRIMEIRA: REQUISITOS:

- a) **Persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato. Non poderán ser contratados ó abeiro desta oferta os traballadores que, tendo en conta a duración máxima do contrato que se oferta, estivesen contratados durante un prazo superior a vinte e**

Concello de Covelo



Concello de Covelo

catro meses, nun período de trinta meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo co concello de Covelo, mediante dous ou máis contratos temporais.(art. 15.5 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, por o que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores).

- b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- c) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- d) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuír o permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- e) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no su caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- f) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- g) **Para a praza de CONDUCTOR DE CAMIÓN, ter o carné de conducir C e o Certificado de Aptitude profesional (CAP).**
- h) **Para a praza de SOCORRISTA, estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia. A persoa seleccionada deberá acreditar previamente a súa contratación, certificado da carencia de delitos de natureza sexual para traballar con menores, tal como establece a normativa vixente.**

BASE SEGUNDA: DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- As solicitudes formalizaranse nos modelos que se xuntan a estas bases e deberán presentarse **PREVIA CITA** no teléfono 986650027 ou na sede electrónica: <https://covelo.sedelectronica.es/citaprevia.3>, no Rexistro Xeral do Concello de Covelo, de luns a venres: 09:00-14:00 h. segundo os seguintes **prazos**:

- 1 SERVICIO DE MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS E SERVICIOS MUNICIPAIS:
 - 2 peóns albanelería, 3 peóns de limpeza e 1 carpinteiro: **o prazo remata o 18 de marzo de 2021.**
 - Peóns forestais: **o prazo remata o 16 de abril de 2021.**
- 2 SERVICIO DE MANTEMENTO DE SERVICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS: **o prazo remata o día 28 de maio de 2021.**
- 3 SERVICIO DE MANTEMENTO DE SERVICIOS PÚBLICOS:

Concello de Covelo



Concello de Covelo

- varredores e condutor camión: **o prazo remata o día 19 de febreiro de 2021.**
- fontaneiro: **o prazo remata o día 18 de maio de 2021.**

Documentación xeral a presentar:

- Instancia no modelo normalizado que figura como anexo I
- Copia compulsada do DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- Declaración xurada de cumprir los requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente. (Anexo II)
- Declaración de responsabilidades familiares (Anexo III)
- Documento acreditativo dos períodos de inscrición como desempregado emitido pola Oficina de Emprego.
- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados en orixinal ou copia compulsada (certificados de cursos, obradoiros de emprego, escola taller, etc.)

Outra documentación acreditativa para a baremación dos méritos:

- Sentencia de separación ou divorcio
- Libro de familia
- Volante colectivo histórico
- Para acreditar o nivel de Renda da unidade familiar, deberá xuntarse a Declaración de IRPF do último exercicio (2019) ou, no seu caso, certificado de imputacións emitido pola Axencia Tributaria **acreditativa de tódolos membros da unidade familiar, de non facelo así non se puntuará esta circunstancia.**
- Certificado acreditativo da condición de vítima de violencia de xénero (mediante certificación dos Servizos Sociais de la Administración competente ou do centro de acollida, por resolución xudicial, orden de protección, ou informe del Ministerio Fiscal.

Documentación específica a presentar:

- Para o posto de **CONDUTOR DE CAMIÓN**, orixinal ou fotocopia compulsada do carné de conducir C e o Certificado de Aptitude profesional (CAP).

Para o posto de SOCORRISTA, orixinal ou fotocopia compulsada da inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia e certificado da carencia de delitos de natureza sexual para traballar con menores, tal como establece a normativa vixente.

BASE TERCEIRA: PROBA-ENTREVISTA

O tribunal celebrará unha entrevista ou unha proba ou **unha comprobación práctica dos coñecementos nas funcións a desenvolver , cuxa data e hora será publicada no taboleiro municipal**, coa finalidade de avaliar as súas capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

Concello de Covelo



Concello de Covelo

No caso de celebrarse a proba será requisito imprescindible superar a proba para proceder a valorar os méritos .

Esta fase valorarase ata un máximo de 10 puntos.

BASE CUARTA: BAREMACIÓN DE MÉRITOS:

Os méritos que se terán en conta para a praza serán os seguintes:

A) Formación especializada: máximo de 2 puntos.

Pola participación en cursos, xornadas, congresos, seminarios ou impartición dos mesmos, organizados por organismos públicos ou por empresas privadas, tendo en este último caso que estar os cursos debidamente homologados ou avalados por un organismo público, sempre que teñan relación coas funcións propias do posto de traballo, ata un **máximo de 1 punto**, baremado do seguinte modo:

- Curso de ata 20 horas: 0.10 puntos/curso
- Curso de 21 a 40 horas: 0.15 puntos/curso
- Curso de 41 a 100 horas: 0.20 puntos/curso
- Curso de 101 a 250 horas: 0.25 puntos/curso
- Curso de 251 a 500 horas: 0.35 puntos/curso
- Curso de máis de 500 horas: 0.50 puntos/curso
- Programas formativos de alternancia Formación-Traballo rematados satisfactoriamente (tipo Obradoiros de Emprego ou Escolas-Taller): 1 punto.
- Por xornadas, seminarios ou congresos: 0.05 puntos/xornada, seminario ou congreso.

No suposto de que non exista constancia da duración dos cursos ou xornadas, os mesmos valoraranse a razón de 0.05 puntos.

B) Coñecemento de galego: máximo 1 punto.

Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado)

- Por estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente: 0.15 puntos
- Por estar en posesión do CELGA 2 (validable por EXB) ou equivalente: 0.30 puntos.
- Por estar en posesión do CELGA 3 (validable por ESO ou FPI) ou equivalente: 0.50 puntos
- Por estar en posesión do CELGA 4 (validable por Bacharelato ou FPII) ou equivalente: 1 punto.

C) Circunstancias persoais: máximo 6 puntos

1. Segundo o dispoñen as Bases publicadas no BOP nº 1 de data 4 de xaneiro de 2021 , puntuaranse as seguintes circunstancias acreditadas documentalmente:

- a. Persoas Víctimas de violencia de xénero: **1,50 puntos**
- b. Persoas maiores de 45 anos e aquelas que acrediten unha discapacidade superior ao 33 %: **1,25 puntos**

Concello de Covelo



Concello de Covelo

- d. Persoas que formen unha familia monoparental con fillos ó seu cargo: **1,10 punto.**
 - e. Persoas con niveis de renda mais baixa. Nivel de renda da unidade familiar (que inclúe cónxuxe, ou parella de feito fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade), renda per cápita:
 - Ata 50% IPREM 2019.....**1 Punto**
 - ATA 100% IPREM 2019.....**0,75 Punto**
 - f. Candidatos con cargas familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrata e sen que perciban ningún tipo de ingresos: o/a cónxuxe, ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as: **máximo 0,50 punto** (0,25 puntos por cada persoa ó seu cargo, previa acreditación documental: Libro de Familia, Volante de Empadramento, Certificados de Pensións, Certificados da Oficina de Emprego, etc.).
2. Antigüidade en situación de desemprego: **máximo 0,40 punto**, sendo a puntuación de 0.10 puntos por cada ano en situación de desemprego. Acreditarase mediante certificado emitido pola Oficina de Emprego.

Os posibles empates nas puntuacións dirimiranse mediante a aplicación dos criterios establecidos: terán preferencia os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, pola seguinte orde de preferencia:

- A) Ás vítimas de violencia de xénero.
- B) Ós candidatos maiores de 45 anos.
- C) Ós candidatos que formen unha familia monoparental con fillos ó seu cargo.
- D) Ós candidatos con niveis de renda mais baixa.
- E) Ós candidatos con cargas familiares.

BASE QUINTA: PROCEDIMIENTO:

Os méritos apreciaranse pola Comisión Seleccionadora á vista dos datos alegados e probados mediante a documentación oportuna polos candidatos.

Logo de superar a proba práctica de aptitude, aqueles que obteñan a máxima puntuación, logo da valoración dos méritos, serán propostos para a praza.

Tanto a proposta da Comisión Seleccionadora como a ulterior Resolución de Alcaldía serán notificadas ós interesados mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

BASE SEXTA: LISTA DE RESERVA:

1.- Rematado o proceso selectivo, o grupo de traballo elaborará unha lista de reserva, cunha validez de *ata o remate do Servizo*, integrada polos candidatos que, tendo

Concello de Covelo



Concello de Covelo

superadas tódalas fases da selección, obtiveran as seguintes mellores puntuación finais as do proposto para ocupa-la praza obxecto da convocatoria. Esta lista empregarase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a presentación da actividade polo inicialmente seleccionado.

2.- No suposto de que a lista de reserva esgotárase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo procedemento selectivo.

BASE SÉTIMA: COMISIÓN SELECCIONADORA

A Comisión Seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: A Secretaria-Interventora da Corporación María Jesús Rodríguez Freire, ou persoa que legalmente a substitúa.
- Vocais:
 1. María Macrina Rodríguez Prieto, traballadora social do concello, ou persoa que legalmente a substitúa.
 2. Waldo Portela López, oficial do concello, ou persoa que legalmente a substitúa.
 3. José Alberto Cousido Fernández, funcionario administrativo do concello, ou persoa que legalmente a substitúa.
- Secretario: O funcionario auxiliar adscrito a Secretaría, ou persoa ou persoa que legalmente a substitúa.

BASE OITAVA: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

O aspirante proposto presentará no rexistro do Concello, no prazo de 2 días hábiles contados desde a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a seguinte documentación:

- Copia da tarxeta de desemprego
- Copia da tarxeta da Seguridade Social
- Certificado orixinal da titularidade de conta bancaria

O mando e asino, en Covelo, na data que figura na marxe.

O ALCALDE	A SECRETARIA
Asdo. Juan Pablo Castillo Amigo	Asdo. M ^a Jesús Rodríguez Freire
(Documento asinado electrónicamente)	

Concello de Covelo



Concello de Covelo

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

Nome e apelidos			
DNI			
Enderezo			
Localidade			
Provincia		Código Postal	
Teléfono			

Informado dos postos de traballo que o Concello de Covelo pretende cubrir para:

16 PRAZAS DE PERSOAL LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO:

1. SERVIZO DE MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS MUNICIPAIS

- Xornada: TEMPO PARCIAL: 30 horas semanais/traballador
 - o 3 peóns forestais, código de ocupación: 95431028
 - o 2 peóns albanelería, código de ocupación: 71211015
 - o 3 peóns de limpeza, código de ocupación: 92101050
 - o 1 carpinteiro, código de ocupación: 71311049
- Duración:
 - o Peóns forestais: 6 MESES **do 3 de maio ó 2 de novembro de 2021**)
 - o 2 peóns albanelería, 3 peóns de limpeza e 1 carpinteiro: 6 MESES **(do 5 de abril ó 4 de outubro de 2021)**

2. SERVIZO DE MANTEMENTO DE SERVIZOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

- Xornada: TEMPO PARCIAL: 30 horas semanais/traballador
 - o 2 peóns de limpeza, código de ocupación: 92101050
 - o 1 socorrista piscina, código de ocupación: 59921017
- Duración: 3 MESES **(do 15 de xuño ó 14 de setembro de 2021)**

3. SERVIZO DE MANTEMENTO DE SERVIZOS PÚBLICOS

- Xornada: TEMPO PARCIAL:
 - 30 horas semanais/traballador
 - o 2 varredores, código de ocupación: 94431016
 - o 1 fontaneiro, código de ocupación: 72211012
 - 35 horas semanais/traballador
 - o 1 condutor de camión (CAP), código de ocupación: 84321042
- Duración:
 - o varredores e condutor camión: 10 MESES **(do 1 de marzo ó 31 de decembro de 2021).**
 - o fontaneiro: 4 MESES **(do 1 de xuño ó 30 de setembro de 2021)**

DECLARO:

Concello de Covelo



Concello de Covelo

1º Que coñezo na súa integridade as Bases que rexen a convocatoria.

2º Que solicito ser admitido/a a esta selección e comprométo-me a someterme ás Bases que o regulan.

Xunto coa presente instancia presento a seguinte **Documentación:**

- Instancia no modelo normalizado que figura como anexo I
- Copia compulsada do DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- Declaración xurada de cumpri-los requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente. (Anexo II)
- Declaración de responsabilidades familiares . (Anexo III)
- Documento acreditativo dos períodos de inscrición como desempleado emitido pola Oficina de Emprego.
- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados en orixinal ou copia compulsada (certificados de cursos, obradoiros de emprego, escola taller, etc.)

Outra documentación acreditativa para a baremación dos méritos:

- Sentencia de separación ou divorcio
- Libro de familia
- Volante colectivo histórico
- Para acreditar o nivel de Renda da unidade familiar, deberá xuntarse a Declaración de IRPF do último exercicio ou, no seu caso, certificado de imputacións emitido pola Axencia Tributaria, **acreditativa de tódolos membros da unidade familiar, de non facelo así non se puntuará esta circunstancia.**
- Certificado acreditativo da condición de vítima de violencia de xénero (mediante certificación dos Servizos Sociais de la Administración competente ou do centro de acollida, por resolución xudicial, orden de protección, ou informe del Ministerio Fiscal.

Documentación específica a presentar:

- Para o posto de CONDUCTOR DE CAMIÓN, orixinal ou fotocopia compulsada do carné de conducir C e o Certificado de Aptitude profesional (CAP).
- Para o posto de SOCORRISTA, orixinal ou fotocopia compulsada da inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia e certificado da carencia de delitos de natureza sexual para traballar con menores, tal como establece a normativa vixente.

Covelo, _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE COVELO

Concello de Covelo

Praza Mestre Cerviño, 2, Covelo. 36872 (Pontevedra). Tfno. 986 650 027. Fax: 986 650 131



Concello de Covelo

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Nome e apelidos	
DNI	

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico-psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, non estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

No caso de ter nacionalidade doutro Estado, declaro igualmente que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente, que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

Covelo, _____

Concello de Covelo

Praza Mestre Cerviño, 2, Covelo. 36872 (Pontevedra). Tfno. 986 650 027. Fax: 986 650 131



Concello de Covelo

ANEXO III

DECLARACIÓN DE RESPONSABILIDADES FAMILIARES E DE INGRESOS PERCIBIDOS

Nome e apelidos	
DNI	

DECLARO:

1º Ter ó meu cargo as seguintes persoas:

NOME E APELIDOS	PARENTESCO

E imprescindible aportar o volante colectivo histórico

Covelo, _____.

Concello de Covelo

Praza Mestre Cerviño, 2, Covelo. 36872 (Pontevedra). Tfno. 986 650 027. Fax: 986 650 131

